

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP SANTO ANDRÉ DE XEVE

CURSO: 2º CICLO EDUCACIÓN INFANTIL

DATA: 12 DE MAIO DE 2020

ÍNDICE

1. Introducción

2. Criterios de avaliación, competencias e indicadores de avaliación (XADE) imprescindibles.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

4. Avaliación e cualificación.

5. Información e publicidade.

1. Introducción

O presente documento responde ás instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-20 nos centros docentes da Comunidades Autónoma de Galicia. En ditas instrucións recóllese, entre outras cousas, o seguinte: “Os departamentos didácticos, os equipos de ciclo e os equipos docentes de cada curso, baixo a coordinación e dirección da respectiva xefatura de departamento, coordinación de ciclo ou do titor ou titora de curso, adaptarán a programación didáctica das ensinanzas correspondentes ao ciclo, áreas, materias ou módulos integrados no departamento, que será o referente para o profesorado que imparta a mesma área, materia, módulo ou ámbito no centro educativo”.

Polo tanto, a continuación recóllese toda a información básica da adaptación da programación do segundo ciclo de Educación Infantil para a finalización do curso 2019-20 , a cal está elaborada en base aos principios de claridade, transparencia e obxectividade. Para a súa elaboración se tivo en conta, entre outras, as seguintes referencias legislativas:

- Decreto 330/2009, do 4 de xuño polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 272006, do 3 de maio de educación.
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19.

2. Criterios de avaliación, competencias e indicadores de avaliación (XADE) imprescindibles.

Indicamos a continuación os elementos curriculares que se priorizan durante este período de suspensión de clases presenciais para cada un dos niveis e áreas da etapa.

A continuación recóllense unhas táboas onde se resumen os criterios de avaliación que se consideran imprescindibles e que poden sintetizarse nunha serie de indicadores de logro facilitados pola aplicación XADE, así como a que competencias contribúe cada un deles. Ditos criterios e indicadores de avaliación aparecen clasificados por cursos e por áreas e deberán servir de orientación de cara ao curso/etapa seguinte.

ÁREA Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal		NIVEL-IDADE	4º EI-3anos
Criterios de avaliación	C.Básicas	Indicadores de logro	
CSMAP.1-Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.	CSIEE CAA CCL	4º-CSMAP.1.1 - Sinala as partes principais do seu corpo. 4º-CSMAP.1.2 – Logra un esbozo da figura humana, diferenciando: cabeza e corpo, brazos, mans, pernas e pes.	
CSMAP.2-Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.	CSIEE	4º-CSMAP.2.2. Globalmente móvese con axilidade.	
CSMAP.3-Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.	CSIEE	4º-CSMAP.3.9 - Identifica as cores.	
CSMAP.4-Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.	CCL CSIEE CSC	4º-CSMAP.4.1 - Solicita axuda cando a precisa.	
CSMAP.8-Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.	CSC CSIEE	4º-CSMAP.8.4 - Coñece e respecta as normas da escola. 4º- CSMAP.8.5- Participa activamente nas actividades e tarefas.	
CSMAP.9-Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	CCL CSIEE CSC	4º-CSMAP.9.9 - Aмосa unha actitude positiva ante as propostas de actividade.	
ÁREA Coñecemento do contorno		NIVEL-IDADE	4º EI-3anos
Criterios de avaliación	C.Básicas	Indicadores de logro	
CC.1-Explorar os obxectos elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e cualidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios.	CCL CMCT CSIEE	4º-CC.1.1- Agrupa os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo.	
CC.9 -Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización.	CCL CSIEE CSC	4º – CC.9.11 - Gústalle compartir xogos cos compañeiros e compañeiras. 4º – CC.9.14 - Acepta e respecta as normas de funcionamento da aula.	
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 5 DE 14	CENTRO: CEIP SANTO ANDRÉ DE XEVE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL	

ÁREA Linguaxes: comunicación e representación		NIVEL-IDADE 4º EI-3anos
Criterios de avaliación	C.Básicas	Indicadores de logro
LCR.1 - Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.	CCL CSC	4º-LCR.1.2 - Comunícase coas persoas adultas. 4º-LCR.1.3 - Comunícase cos compañeiros e compañeiras.
LCR.2 - Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.	CCL CSC	4º-LCR.2.5 - Comprende instrucións sinxelas.
LCR.3- Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.	CCL CSC CAA	4º- LCR.3.1 –Amosa interese por expresarse nunha lingua estranxeira. 4º LCR. 3.4. – Participa empregando formas non lingüísticas (xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua inglesa. 4º LCR. 3.7. – Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua.
LCR.5- Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...	CCL CSC CAA	4º-LCR.5.1 - Recoñece o seu nome.
LCR.9 - Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.	CCL CSC CCEC	4º-LCR.9.2 - Gusta de explorar sensorialmente os elementos presentes no contorno.

Criterios de avaliación	C.Básicas	Indicadores de logro
CSMAP.1 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.	CCL CSIEE CAA	5º-CSMAP.1.1 - Identifica e nomea elementos de segmentos corporais.
CSMAP.7 - Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	CSIEE	5º-CSMAP.7.1 – Participa en xogos amosando unha destreza motora axeitada ó agardado para a idade.
CSMAP.8 - Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.	CSC CSIEE CCL	5º-CSMAP.8.7 – Participa e colabora nas actividades de grupo.

Criterios de avaliación	C.Básicas	Indicadores de logro
CC.1 - Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e cualidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios.	CMCT CCL CSIEE	5º – CC.1.4 - Clasifica os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo. 5º – CC.1.7 - Realiza series sinxelas seguindo un criterio dado.
CC.2 - Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.	CMCT CCL CSIEE CSC CAA	5º- CC.2.3- Emprega a acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico.
CC.3- Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade.	CMCT CSIEE CCL CAA	5º – CC.3.6 - Busca estratexias para resolver situacións problemáticas.
CC.5 - Describir e representar dun xeito elemental a situación das propias nenas e nenos en relación a obxectos e as demais persoas usando vocabulario topolóxico elemental.	CMCT CCL CSIEE	5º – CC.5.4 - Emprega as nocións espaciais para explicar a localización dalgún obxecto ou persoa.
CC.9 -Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización.	CSC CSIEE CCL	5º – CC.9.11 - Acepta e respecta as normas de funcionamento da aula. Adapta o seu comportamento ás regras dos diferentes contextos.

Criterios de avaliación	C.Básicas	Indicadores de logro
LCR.1- Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.	CCL CSC	5º-LCR.1.7 - Usa frases de construción sinxela.
LCR.3- Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.	CCL CSC CAA	4º- LCR.3.1 –Amosa interese por expresarse nunha lingua estranxeira. 4º LCR. 3.4. – Participa empregando formas non lingüísticas (xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua inglesa. 4º LCR. 3.7. – Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua.
LCR.4 - Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes	CCL CM CSC CCEC CAA	5º-LCR.4.5 - Recoñece o nome das compañeiras e compañeiros.
LCR.5 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...	CCL CSC CAA	5º-LCR.5.2 - Gusta de facer uso da escritura (convencional ou non) para transmitir información.

ÁREA Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal		NIVEL-IDADE 6º EI-5 anos
Criterios de avaliación	C.Básicas	Indicadores de logro
CSMAP.1 Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.	CCL CSIEE	6º-CSMAP.1.1 – Sinala correctamente partes e detalles do corpo (talón, pestanas, cellas, ...) 6º- CSMAP 1.2 – Debuxa a figura humana respectando as proporcións.
CSMAP.2 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.	CSIEE	6º-CSMAP.2.6 - Sitúa os obxectos e localízaos: diante-detrás, dentro-fóra, arriba-abaixo, preto-lonxe, enriba-debaixo, primeiro-derradeiro.
CSMAP.8 - Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen	CSIEE CSC CCL	6º-CSMAP.8.1 – Coordina a súa acción coa das demais compañeiras e compañeiros cando o xogo o require.
.CSMAP.9 - Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	CSIEE CSC CCL CAA	6º-CSMAP.9.13 – Soluciona pequenos problemas da vida cotiá.
ÁREA Coñecemento do contorno		NIVEL-IDADE 6º EI-5 anos
Criterios de avaliación	C.Básicas	Indicadores de logro
CC.1- Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e cualidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios.	CMCT CCL CSIEE CAA	6º – CC.1.3 - Describe propiedades e características de obxectos e coleccións con base en diversos criterios. 6º – CC.1.5 - Fai agrupacións de obxectos atendendo a unha determinada cantidade.
CC.2 - Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual	CMCT CAA CCL CSIEE	6º – CC.2.5 - Representa cantidades empregando diferentes estratexias (debuxando os obxectos, raias,...). 6º – CC.2.9 - Asocia algúns números coas cantidades que representan. 6º – CC.2.10 - Coñece a serie numérica.
CC.4 - Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas	CMCT CCL CAA CSIEE	6º – CC.4.3 – Representa as formas xeométricas básicas.
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 9 DE 14	CENTRO: CEIP SANTO ANDRÉ DE XEVE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

CC.9 -Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización.	CCL CSIEE CSC CAA	6º – CC.9.7 - Gústalle compartir xogos cos compañeiros e compañeiras. 6º – CC.9.10 - Acepta e respecta as normas de funcionamento da aula.
ÁREA Linguaxes: comunicación e representación		NIVEL-IDADE 6º EI-5anos
Criterios de avaliación	C.Básicas	Indicadores de logro
LCR.1- Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.	CCL CSC	6º-LCR.1.1 – Exprésase con frases correctas e terminadas.
.LCR.2 - Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.	CCL CSC	6º-LCR.2.1 – Mantén unha actitude de escoita e respecto cara ás demais persoas.
LCR.3- Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.	CCL CSC CAA	4º- LCR.3.1 –Amosa interese por expresarse nunha lingua estranxeira. 4º LCR. 3.4. – Participa empregando formas non lingüísticas (xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua inglesa. 4º LCR. 3.7. – Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua.
LCR.4 - Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes	CCL CM CSC CCEC CAA	6º-LCR.4.3 - Asocia producións escritas con significados.
LCR.5- Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...	CCL CSC CAA	6º-LCR.5.1 - Reescribe, tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita, textos.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Actividades	<p>Dende o segundo ciclo de Educación Infantil propoñemos actividades globais que abranguen todas as Áreas de Coñecemento. Son tarefas de diferente tipo, organizadas segundo os contidos que se traballan nesta etapa educativa, para que cada quen as poida adaptar ao seu contexto familiar. Na etapa de educación infantil o xogo é o motor da aprendizaxe así que as propostas van enfocadas nesa liña e tentan reforzar e afianzar os contidos traballados. Así mesmo, cada unha das actividades que propoñemos poden adaptarse ás capacidades, destrezas, habilidades e intereses de cada neno/a.</p> <p>Estas actividades se envían semanalmente e algunhas actividades puntuais ao longo da semana, para que as familias poidan organizar e xestionar a realización das tarefas tendo en conta a súa situación persoal/familiar. Se ofrece un amplo abano de actividades de diversa dificultade atendendo á diversidade do alumnado. Se inclúen así actividades para desenvolver a linguaxe oral, para favorecer a autonomía, actividades sinxelas de lóxico-matemática e de iniciación á lectoescritura, actividades plásticas e musicais, actividades para favorecer a psicomotricidade fina e grosa e un amplo abano de recursos educativos. Ademais, dende o centro se van ofrecendo semanal ou quincenalmente diversas propostas para conmemorar datas significativas.</p> <p>Os especialistas (especialista en Lingua Inglesa, mestra de Audición e Linguaxe, mestre de psicomotricidade e mestra de relixión) envían semanalmente unha proposta de actividades variadas e motivadoras para o alumnado de Educación Infantil.</p>	
Metodoloxía	<p>A metodoloxía que guiará a nosa actuación docente estará baseada nunha serie de estratexias e principios educativos que parten das necesidades dos nosos alumnos/as e das necesidades do propio proceso educativo. Por iso, as actividades atenderán ao principio de globalización e significatividade, partindo dos intereses do alumnado e baixo a proposta de actividades lúdicas, activas e motivadoras que se centren no alumno/a como protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe.</p> <p>Dende o segundo ciclo de Educación Infantil o sistema de comunicación que se establece coas familias é o Tookapp School e un correo electrónico que se pon á súa disposición para contactar co profesorado, resolver dúbidas que van xurdindo sobre as tarefas, atender as necesidades que manifestan as familias e recibir retroalimentación das actividades propostas (a través de vídeos, fotografías, debuxos, etc.) Así mesmo, se establece comunicación telefónica co alumnado que non ten boa colectividade. As titoras fan un seguimento diario do alumnado utilizando as diversas vías de comunicación e ademais, realizan videoconferencias co alumnado a través da aplicación</p>	
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 11 DE 14	CENTRO: CEIP SANTO ANDRÉ DE XEVE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

	<p>CISCO WEBEX. O obxectivo ademais do intercambio de tarefas é desenvolver a acción tutorial acompañando e facilitando o proceso de aprendizaxe do alumno/a e brindarlle apoio emocional.</p> <p>Toda esta metodoloxía estará coordinada semanalmente entre os membros do equipo de ciclo. Ademais, existe unha flexibilidade nas propostas marcada pola necesidade de favorecer a conciliación familiar e escolar tendo en conta a desescalada, a cal conleva a incorporación das familias aos seus traballos.</p>
<p>Materials e Recursos</p>	<p>RECURSOS MATERIAIS:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Documentos facilitados ás familias con enlaces e propostas de actividades relacionadas coas distintas áreas do currículo para que o alumnado as realice no seu fogar. Estas propostas elabóranse coa colaboración dos mestres especialistas. - Documentos facilitados ás familias con pautas e orientacións aportadas polas titoras. <p>RECURSOS AUDIOVISUAIS E INFORMÁTICOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación Tookapp School para o envío de informacións xerais e para o envío de tarefas. - Correo electrónico de Educación Infantil: infantil.colexeve@gmail.com para comunicación e envío de tarefas por parte do alumnado. Tamén hai un correo para as actividades a nivel centro: andrexeve@gmail.com - Plataforma CISCO WEBEX para a realización de videoconferencias en gran grupo, pequeno grupo ou individuais. - Páxina web do centro como medio para publicar algunhas das actividades realizadas. https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantoandredexeve/ <p>RECURSOS HUMANOS: titoras, mestres especialistas (mestras especialistas en Lingua Estranxeira -Inglés- , relixión e Audición e Linguaxe e mestre de psicomotricidade), Departamento de Orientación, pais e nais.</p>

4. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Seguindo as indicacións da orde do 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil para a comunidade autónoma de Galicia; e tomando como referencia as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia; a avaliación será unha práctica habitual e permanente para obter datos que faciliten a toma de decisións e encamiñada á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe. En Educación Infantil a avaliación forma parte inseparable do proceso educativo, e será global, continua e formativa.</p> <p>De esta forma, se levará a cabo unha coordinación periódica entre o profesorado que imparte docencia na etapa e se establecerá unha comunicación fluída e periódica coas familias do alumnado, como partícipes directos do proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas, a través das diversas canles postas á súa disposición (tookapp, correo electrónico, videoconferencias, comunicación telefónica)</p> <p>Así mesmo, os criterios de avaliación da etapa flexibilizaranse atendendo ao desenvolvemento evolutivo do alumno/a e á consecución dos obxectivos de etapa. De esta forma, o informe individualizado do alumno/a terá en conta especialmente o seu progreso ou atraso, en especial no último curso da etapa coa finalidade de adaptar a súa actividade ao inicio do curso 2020/21 na ensinanza de Educación Primaria.</p>
Cualificación final	<p>Instrumentos: As principais técnicas e fontes de información para levar a cabo o proceso de avaliación serán un seguimento individualizado do alumnado tomando como referencia as producións do alumnado, as reunións e chamadas individuais e coas familias e a participación nas videoconferencias.</p> <p>En Educación Infantil non se establece unha cualificación final de curso, senón que se avalía e se gradúa en tres niveis (sen dificultade, en proceso, con dificultade), os diferentes indicadores de logro para cada nivel. A cualificación realizarase tendo en conta os progresos acadados no primeiro e segundo trimestre, xunto coa valoración positiva das aportacións, participación e logros acadados ao longo do terceiro trimestre.</p> <p>O proceso de cualificación de cada un dos aspectos que constituirán o boletín que se remitirá ás familias, así como dos informes finais de avaliación, será levado a cabo na reunión de avaliación do trimestre que se levará a cabo nas datas acordadas.</p>
Proba extraordinaria de setembro	Non aplicable

Alumnado de materia pendiente	Criterios de avaliación: Non aplicable
	Criterios de cualificación: Non aplicable
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non aplicable

5. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A información levarase a cabo a través da aplicación de mensaxería Tookapp School, os correos electrónicos (infantil.colexeve@gmail.com , andrexeve@gmail.com), a páxina web do centro e a comunicación telefónica.
Publicidade	Páxina web do centro: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantoandredexeve/